

**ACTA DE CELEBRACIÓN E DE CORRECCIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN  
LIBRE PARA A SELECCIÓN DE DOUS FUNCIONARIOS/AS INTERINOS PERTENCENTES AO  
GRUPO C E SUBGRUPO C2, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR,  
BAIXO A DENOMINACIÓN DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO**

Na Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 11:00 horas do día 10 de maio de 2017, réunese o Tribunal Cualificador para a selección de dous/dúas funcionarios/as Interinos/as pertencente ao grupo C e Subgrupo C2, escala de administración xeral, subescala auxiliar, baixo a denominación de auxiliar administrativo para o programa temporal “Proxecto de adecuación dos servizos municipais á Administración electrónica e á Lei de Transparencia”, formado, de acordo coa Resolución de alcaldía de 17 de setembro, polos seguinte membros:

**Titulares**

Presidenta: Rut Presas Pardo, Interventora do Concello da Laracha.

Secretaria: Lucía Barreiro Angeriz, Auxiliar Administrativa do Concello da Laracha.

Vogais: Montserrat Rodríguez Patiño, Administrativa do Concello da Laracha.

Fernando Aradas García, Técnico de Administración Xeral do Concello da Fene.

Miguel Piñeiro Souto, Secretario do Concello de Cospeito.

O tribunal, en aplicación da Base 7ª das bases de selección que rexen a presente convocatoria, procede a ultimar a confección do terceiro exercicio eliminatorio consistente en “3º exercicio.- Será práctico e consistirá en desenvolver dúas probas informáticas de tratamento de textos, folla de cálculo ou base de datos, que determinará o tribunal inmediatamente antes do seu inicio, nun tempo máximo de 60 minutos.

Unha desta probas terá que ser necesariamente de tratamento de textos na que se valorará a velocidade, a limpeza e exactitude do copiado e a corrección que presente o escrito. A puntuación máxima desta fase será de 8 puntos. Cada proba informática terá unha puntuación máxima de 4 puntos. O aspirante quen non acade 2 puntos en cada unha das probas informáticas será eliminado do proceso selectivo.”. Con este fin, o Tribunal acorda plantexar dous supostos, un de tratamento de textos e outro de manexo dunha folla de cálculo.

Sendo as 12 horas os membros do tribunal trasládanse ao Centro de Servizos Múltiples da Laracha, parroquia de Torás, do Concello da Laracha, para celebrar o exame na aula de informática onde, ás 12 horas e 10 minutos comeza o chamamento dos aspirantes admitidos, que acreditan a súa personalidade ante o tribunal coa exhibición do documento nacional de identidade.

Comparecen os seguintes aspirantes:

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>
BAJO LEMA JORGE	36137567J
TABOADA VAZQUEZ BELEN	79316713V
GARCIA RAÑALES JOSE MANUEL	32679595E
PALLAS ALDAO SARA	79320516W

A realización do exercicio comeza ás 12 horas e 15 minutos.

O exercicio remata ás 12 horas e 15 minutos. Os aspirantes gardan os seus exames nun disco duro, consonte coas instrucións do tribunal.

O Tribunal, comeza a corrección dos mesmos seguindo os seguintes criterios de corrección acordados de común acordo:

Os exercicios valoraranse tal e como din as bases, fundamentalmente “*a velocidade, a limpeza e exactitude do copiado e a corrección que presente o escrito*”, polo que a mellor puntuación a obterá o exercicio que teña escrito máis do suposto plantexado, a similitude no formato e a ausencia de faltas, así coma ter ou non creado o documento, e no caso da folia de cálculo realizar a operacións que se pedía. Cada exercicio terá unha puntuación máxima de 4 puntos.

Resultan as seguintes cualificacións:

<b>ASPIRANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN POR EJERCICIO</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
------------------	-------------------------------------	-----------------------------

--	--	--

BAJO LEMA JORGE	(1) 2,5	5,5
	(2) 3	
GARCIA RAÑALES JOSE MANUEL	(1) 3,25	7
	(2) 3,75	
PALLAS ALDAO SARA	(1) 3	5
	(2) 2	
TABOADA VAZQUEZ BELEN	(1) 3,5	6,75
	(2) 3,25	

(1) Folla de cálculo

(2) Tratamento de texto

Á vista do anterior, os tres aspirantes obtiveron unha puntuación superior a 4 puntos de conformidade coa base 7ª da convocatoria, e polo tanto superan o terceiro exercicio.

De conformidade coa base 7ª, debería procederse a convocar aos aspirantes que superaron o terceiro exercicio que non estean en posesión do curso de perfeccionamento da lingua galega ou que estando en posesión do mesmo aínda non o teñan acreditado, mais os catro aspirantes están en posesión do mesmo e polo tanto exentos da realización do 4º exercicio de coñecemento do galego, polo que de conformidade coa base 8ª cómpre proceder á determinar a puntuación definitiva do proceso de selección, resultante da suma das puntuacións obtidas nos 3 exercicios da fase de oposición, resultando:

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN POR EJERCICIO	PUNTUACIÓN TOTAL
BAJO LEMA JORGE	(1) 7	20,20
	(2) 7,70	
	(3) 5,50	
GARCIA RAÑALES JOSE MANUEL	(1) 5,275	21,805
	(2) 9,53	
	(3) 7	
PALLAS ALDAO SARA	(1) 5,20	18,46
	(2) 8,26	
	(3) 5	
TABOADA VAZQUEZ BELEN	(1) 5,70	21,23
	(2) 8,78	
	(3) 6,75	

- (1) 1º exercicio
- (2) 2º exercicio
- (3) 3º exercicio

De conformidade coa base 8ª “Na acta da última sesión do tribunal de selección incluíranse unha lista de reservas entre os/as aspirantes que aprobaron a oposición por orde de maior a menor puntuación para cubrir posibles baixas por incapacidade, vacacións, renuncia ou outras continxencias sobrevidas nos dous candidatos con maior puntuación nomeados funcionario/a interino/a. O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á ditar a Resolución correspondente que nomeará como funcionarios/as interinos/as a os dous candidatos con maior puntuación na fase de oposición e aprobará a lista de reservas”.

Polo anterior, **este tribunal propón aos seguintes candidatos, por orde de puntuación, para o seu nomeamento como funcionarios interinos:**

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN TOTAL
GARCIA RAÑALES JOSE MANUEL	21,805
TABOADA VAZQUEZ BELEN	21,23

**E a aprobación da lista de reserva seguinte:**

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN TOTAL
BAJO LEMA JORGE	20,20
PALLAS ALDAO SARA	18,46

Acordado o anterior, o tribunal acorda que a presente acta sexa exposta no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do concello da Laracha: [www.alaracha.gal](http://www.alaracha.gal).

Sendo as 14.55 horas, e non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

A presidenta

A secretaria

